

Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL**

## ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO

**Subvencións e axudas***BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAI NO ANO 2024***EXP. 939/2023:** BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAI NO ANO 2024.**ASUNTO:** APROBACION DAS BASES E CONVOCATORIA*RESOLUCION DA PRESIDENCIA*

Visto o borrador das bases e convocatoria da concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2024.

Vistos os informes da técnica municipal de planificación de data 16 de abril de 2024 e da intervención municipal, de data 26 de abril de 2024, esta presidencia, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente,

*RESOLVE:*

1º) Aprobar as bases reguladoras de Subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2024, segundo o texto que se adxunta á presente Resolución como parte integrante da mesma, e proceder a súa convocatoria mediante o procedemento de concorrencia competitiva. As subvencións están destinadas a fomentar as actividades culturais no Concello de Sanxenxo.

2) Dispoñer a publicación deste acordo, incluíndo as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolven actividades culturais no ano 2024”, seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

En Sanxenxo,

O Presidente, Telmo Martín González

O secretario accidental, Luis Angel Sabariz Rolán

Documento asinado electrónicamente



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAI S NO ANO 2024.***Tipo de expediente:** Subvencións por concorrencia competitiva**Número de expediente:** 939/2023**Anualidade:** 2024**Denominación:** Subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2024.**Beneficiarios:** Asociacións sen ánimo de lucro que realicen actividades de índole cultural existentes no Concello de Sanxenxo, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións.

O Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, a través da concellería de Cultura e Eventos, establece as bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

O obxecto destas subvencións é, colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades.

A contía destinada a estas axudas para esta convocatoria é de 40.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 33004/48900 do orzamento ordinario para o Exercicio 2024.

Considéranse gastos subvencionables, os realizados dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024.

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión destas axudas, e iniciar o procedemento para o seu outorgamento.

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAI S NO ANO 2024***BASE 1ª.- OBXECTO DAS BASES**

A presente convocatoria e bases ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións en réxime de libre concorrencia, destinadas a promover programas de actividades de carácter cultural dirixidas á poboación en xeral que poidan ser consideradas de interese social, para asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

Serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolvan dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro do 2024.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

As actividades deben tender a obtención dos seguintes obxectivos xerais:

- Achegar a cultura ao maior número posible persoas, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.
- Promover tecido asociativo, no que a administración municipal represente un papel secundario, tanto para a elección do tipo de actividades, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- Fomentar a participación activa da veciñanza en actividades de carácter cultural como medio para promover a convivencia entre veciños/as e as relacións interxeneracionais.
- Promover o autofinanciamento das entidades, primando aquelas que acheguen unha maior porcentaxe de fondos propios ao desenvolvemento das actividades.

En ningún caso Terra de Sanxenxo será responsable das obrigas contraídas polos beneficiarios como consecuencia da realización das súas actividades.

## BASE 2ª.- BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións as asociacións e entidades que realicen actividades de índole cultural dentro do termino municipal de Sanxenxo que se desenvolvan entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024.

Os beneficiarios deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 2.1.- Ser asociación sen ánimo de lucro validamente constituída e debidamente inscrita.
- 2.2.- Estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, ou no seu defecto, ter solicitada a súa inscrición con data anterior a presentación da solicitude de subvención desta convocatoria.
- 2.3.- Realizar actividades de carácter cultural no termino municipal do Concello de Sanxenxo.
- 2.4.- Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvención pública.
- 2.5.- Estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Sanxenxo.
- 2.6.- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

## BASE 3ª.- PROGRAMAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

3.1.- Actividades ou programas subvencionables, as actividades de índole cultural desenvolvidas polas entidades sen ánimo de lucro que se recollan nos seguintes bloques:

3.1.1.- Ás dirixidas a realización de programacións ou actividades do eido cultural en tódalas súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, audiovisuais, encontros, obradoiros, xornadas, cursos, conferencias.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

3.1.2.- Ás dirixidas á realización de festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico e cultural.

Considerase gasto subvencionable os custes derivados da organización e posta en marcha das actividades. Tamén se consideran gastos subvencionables os gastos de permisos, ocupación de espazos, seguros de responsabilidade civil precisos para o desenvolvemento das actividades.

### 3.2.- Gastos non subvencionables

Non son gastos subvencionables os que se enumeran a continuación:

- Os gastos derivados da organización dunha festa gastronómica.
- As viaxes de ocio e actividades que teñan como único ou fin principal a celebración dunha comida entre os membros da asociación.
- A realización de obras.
- Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes (facturas de luz, telefono, intereses contas bancarias, etc).
- Os cursos e obradoiros que non teñan un carácter de acceso público.
- Os gastos de instrumentos e vestiario.
- Os gastos gastronómicos, excepto naqueles casos que garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta.
- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do concello de Sanxenxo ou entes dependentes.

### BASE 4ª.- CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIONS

O importe da consignación para esta liña de subvencións ascende a un total de 40.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 33004/48900 do orzamento ordinario para o ano 2024.

O importe individual das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar o 80% do proxecto da subvencionable.

Ás subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta subvención ou axudas non poderá acollerse a outras convocatorias ou achegas económicas do Concello de Sanxenxo ou Organismos ou entidades dependentes de este.

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

A subvención poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, de ser o caso, outros ingresos de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos e ingresos. As entidades quedaran obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

## BASE 5ª.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

As asociacións e entidades interesadas en obter subvencións do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo deberán solicitalo mediante a presentación dunha única instancia de solicitude, e no que poden solicitar axuda para un máximo de 2 programas ou proxectos (estes poden estar formados por unha ou varias actividades).

A solicitude debe ir acompañada da documentación xenérica e documentación específica para cada programa, segundo se sinala a continuación:

### 5.1 Documentación

#### *XENÉRICA*

- Certificado da conta bancaria da entidade solicitante.
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.
- Anexo I; Declaración Responsable de cumprir cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; de non ter débedas con Concello de Sanxenxo nin con ningún ente dependente de este; Que (si/non) lle foi concedida ou solicitada subvención ou axuda doutra Administración ou Entidade Pública ou Privada para o obxecto da subvención.
- Que esta actividade non recibe axuda ou subvención de este ente convocante ni de ningún outro dependente do concello de Sanxenxo para a mesma finalidade.

#### *ESPECIFICA*

- Anexo II. Proxecto da actividade na que conste o programa ou actividade para a que solicite subvención (no caso de pedir para mais de un programa ou actividade deberán achegar un anexo por cada unha delas).
- Poderá acompañala calquera outra documentación que considere, en formato dixital.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

## 5.2 Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de 30 DIAS NATURAIS a contar desde o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

## 5.3 Lugar de presentación

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase na sede electrónica do O.A. Terra Sanxenxo mediante os modelos normalizados que se inclúen na presente convocatoria.

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da lei 39/2005, do 1 de outubro, requirirase aos interesados para que, nun prazo de 10 días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, terase por desistido e archivaranse as solicitudes sen mais trámite.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

## BASE 6ª.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións. As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Sanxenxo e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

## BASE 7ª.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

### 7.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.
- Xustificar debidamente a cantidade presentada no proxecto da solicitude.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

d) Comunicar por escrito e motivado no prazo máximo dun mes desde a notificación / publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.

e) Proporcionar ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.

f) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.

g) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

i) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

j) Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante, segundo o disposto na Lei 7/2023 do 30 de novembro para Igualdade de Mulleres e Homes de Galicia.

k) Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

## 7.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

Difusión do carácter público do financiamento. Os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións. As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación. Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento. En particular, deberá figurar a imaxe institucional



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

do Concello nos carteis que se empreguen para a difusión das actividades culturais, así como nas redes sociais que se empreguen tanto para a súa difusión previa como unha vez realizadas as actividades.

### BASE 8ª.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

A concesión de subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

A selección das peticións e contía das subvencións determinarase despois da consideración dos gastos que se vaian realizar, de acordo co seguinte baremo ata un máximo de 80 puntos:

DESCRIPCIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA
1	Proxecto cultural	25 puntos
2	Orzamento da actividade	15 puntos
3	Coeficiente de financiamento derivado da solicitude	10 puntos
4	Promoción da lingua galega	10 puntos
5	Promoción das artes: pintura, escultura, música, danza, literatura e arquitectura	10 puntos
6	Accións de recuperación patrimonial (etnografía, musical, tradición oral, recuperación do patrimonio material e inmaterial)	10 puntos
<b>TOTAL</b>		<b>80 puntos</b>

En relación ao criterio de valoración 1,2,3,4,5 e 6 do baremo, os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:

1.- Proxecto cultural, ata un máximo de 25 pts.

Parámetro	Descrición	Puntuación
<b>Consolidación da actividade</b>	Que o proxecto se leve desenrolando 2 ou máis edicións	4
<b>Desestacionalización</b>	Actividades que se desenvolven en períodos de baixa actividade, (fora dos meses de xullo e agosto)	3
<b>Volume das actividades</b>	O programa inclúe a lo menos dúas actividades diferentes	4
<b>Repercusión da actividade ou programa</b>	Teñen acadado ou poden acadar difusión fora do municipio	4
<b>Duración das actividades</b>	Entre as actividades recollidas no proxecto hai a lo menos una que se desenvolve en máis de 2 días	2
<b>Integración social</b>	Valorase positivamente que se inclúa no proxecto actividades de integración social ou que favorezan as relacións interxeneracionais	2
<b>Gratuidade</b>	Valorase positivamente que as actividades previstas sexán gratuítas para os asistentes	4
<b>Colaboración con outras asociacións do Concello</b>	Valorase positivamente que as actividades se realicen con colaboración ou participación doutras asociacións do Concello	2





Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

2.- Orzamento da actividade, ata un máximo de 15 ptos

Orzamento	Puntuación
5.000 € ou máis	15 ptos.
4.999,99 € e 2.000 €	12 ptos.
1.999,99 € ou menos	10 ptos.

3.- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude, ata un máximo de 10 ptos.

Coeficiente de financiación %	Puntuación
0-25 %	2 ptos
26-50 %	5 ptos
51-75 %	8 ptos
+ do 75 %	10 ptos

4.- Promoción da lingua galega, ata un máximo de 10 ptos.

Valorarase o uso da lingua galega na difusión (carteleira, páxina web, redes sociais,...) e no desenvolvemento das actividades, actos ou eventos da entidade. Para iso achegarase todo o material gráfico que acredite o uso da lingua galega.

5.- Promoción das artes: pintura, escultura, música, danza, literatura e arquitectura, ata un máximo de 10 ptos.

Valorase positivamente a realización de actividades que axudes a divulgación das artes en tódalas súas vertentes.

6.- Accións de recuperación patrimonial, ata un máximo de 10 ptos.

Valorase positivamente a realización de accións para a recuperación patrimonial (etnografía, musical, tradición oral, recuperación do patrimonio material e inmaterial).

Quedarán fora da convocatoria aquelas solicitudes que non obteñan un mínimo de 25 puntos.

### BASE 9ª.- COMISIÓN AVALIADORA

A instrución do procedemento corresponde á Concellería de Cultura e Eventos, que realizará de oficio tantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a encargada de requirir ás entidades solicitantes a emenda de deficiencias da documentación presentada.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios establecidas na base oitava, elevaranse a unha Comisión de Avaliación, que emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. As persoas integrantes da Comisión e os suplentes, designaranse por resolución da Presidencia do Organismo autónomo Terra de Sanxenxo entre o persoal técnico municipal, sendo o presidente da mesma a Concelleira de Cultura e Eventos e actuando como secretario un técnico do servizo de cultura.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

Á vista do informe da Comisión, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada e abrirase un prazo de dez días hábiles para que todas as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, a Comisión emitirá novo informe de valoración e o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar os solicitantes para os que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, especificando a valoración obtida e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

O expediente de concesión das subvencións conterá un informe do órgano instrutor no que coste que da información que obra no seu poder se desprende que as persoas ou entidades beneficiarias cumpran con todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Posteriormente a proposta deberá ser fiscalizada favorablemente polos servizos da Intervención municipal.

## **BASE 10ª.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES**

O procedemento de outorgamento destas subvencións é de concorrencia competitiva, polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración fixados na base 8ª desta convocatoria, e adxudicar as contías da subvención a cada solicitante segundo esas valoracións.

A contía da subvención estará en función, dos puntos acadados nos criterios do baremo de puntuación e dos recursos con que conte o beneficiario para cubrir parcialmente os proxectos. As solicitudes presentadas deberán acadar, cando menos 25 pts para poder ser subvencionadas.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como , no seu caso, outros ingresos.

Na valoración terase en conta o seguinte:

1. O importe da subvención concedida non poderá superar, en ningún caso, o 80% do orzamento presentado para a realización da/s actividade/s.
2. No caso de que sumadas as cantidades propostas como subvención para as distintas propostas, exceden a consignación total, modificarase as mesmas aplicando reducións proporcionais a cada unha delas, para que a suma total non exceda da cantidade recollida na base Cuarta.
3. Cada entidade poderá presentar ata un máxima de dous programas ou proxectos.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

Para determinar o importe da subvención concedida vira dado aplicando a seguinte fórmula matemática:

$$S \text{ concedida } (\text{€}) = \frac{P_{\text{solicitante}}(\text{ptos}) \times F_s(\text{€})}{P_{\text{total}}(\text{ptos})}$$

$S_{\text{concedida}}$	=	Importe da subvención concedida (€)
$P_{\text{solicitante}}$	=	Puntuación obtida no proxecto (ptos)
$F_s$	=	Fondos da convocatoria (€)
$P_{\text{total}}$	=	Puntuación total dos proxectos (ptos)

En calquera caso, as axudas que se concedan ao abeiro da presente convocatoria non poderán superar o 80% do custe da actividade, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria mencionada na base Cuarta.

## BASE 11ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a presidencia ou o órgano a favor do cal a efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

### 11.1 A resolución de concesión

Deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite. As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado.

As que desestimen as solicitudes ou as non admitidas a trámite motivarán debidamente esta circunstancia. A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

### 11.2 Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de **DOUS MESES** desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP). Así mesmo, será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web do Concello de Sanxenxo.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

Notificada a resolución definitiva os/as interesados/as propostos/as como beneficiarios/as disporán dun prazo de dez días hábiles para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que manifestaran o contrario, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

### 11.3 Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou.

A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

### 11.4 Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de DEZ (10) DIAS NATURAIS seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

## BASE 12ª.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

### 12.1. Importe a xustificar

O importe a xustificar será igual ao do proxecto presentado para a actividade subvencionada.

### 12.2. Prazo de xustificación

O prazo de xustificación finalizará o 30 de novembro de 2024.

### 12.3. Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a subvención concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente documentación, de acordo cos modelos que se recollen como anexos nestas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

**1.-Memoria Xustificativa** (Anexo III) de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

**2.-Conta xustificativa** (Anexo IV), relación clasificada de gastos con identificación do acredor, o concepto de gasto, o seu importe, nº de factura, data de emisión e data de pagamento. Deberán achegarse os orixinais das facturas ou xustificantes do gasto que deberán ir acompañados da documentación acreditativa do pago. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data do mesmo.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.

Os beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiquets de aparcadoiro, etc) e en todo caso para gastos non superiores a 150€.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Sanxenxo, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f ) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal dos contratos de traballo, ou copia auténtica.
- Orixinal das nóminas aboadas e os boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios), ou copia auténtica.

4.-**Material de difusión**, documentos que acrediten o material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na base 7.2.

5.-**Declaración do cumprimento de todas as condicións** da orde e da debida divulgación do financiamento (Anexo V), así como de non incorrer en ningunha das causas que determinan o artigo 13.2 da lei 38/2023, de 17 de novembro, xeral de Subvencións.

A documentación relativa á xustificación presentarase no rexistro electrónico do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo. A persoa representante ou presidente/a da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se axunten na sede electrónica son orixinais.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

#### 12.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/á interesado/a.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- no caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado (é dicir, ao gasto da actividade, segundo figure na solicitude da subvención), aboarase a totalidade da subvención.
- no caso de que se xustifique gasto inferior ao 100 por 100, pero superior ou igual ao 30 por 100 do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.
- no caso de que se xustifique gasto inferior ao 30 por 100 do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador nas normas de xeral aplicación.

Completada a documentación e emitido o informe proposta favorable ao pagamento, no que se concrete o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar ao/á beneficiario/a, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

#### 12.5. Xustificación extemporánea

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases, ou o de prórroga concedido conforme ás mesmas, sen que o/a beneficiario/a presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

## 12.6. Pagamento

O pagamento farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizarase, con carácter xeral, nun pago único.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Sanxenxo advertirase ao/á beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non presentar a xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

## BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

## BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

## BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Organismo Autónomo Terra Sanxenxo quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Sanxenxo publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O responsable do tratamento dos datos persoais que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais do Concello de Sanxenxo no exercicio 2024, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Sanxenxo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Sanxenxo).

## DISPOSICIÓN FINAL


Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de ik subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.





Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

	<b>SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURALS NO ANO 2024.</b>	
	SOLICITUDE DE SUBVENCION	

<b>1.- Datos da entidade</b>		
Nome:	CIF:	
Enderezo:	C.P.:	
Tel. 1:	Tel. 2:	
Enderezo electrónico a efectos de notificación:		
<b>2.- Datos do representante</b>		
Nome:	NIF:	
Enderezo:	C.P.:	
Tel. 1:	Tel. 2:	
Enderezo electrónico:		
<b>3.- Datos da subvención solicitada</b>		
Nome do proxecto/actividade:		
Orzamento total:	Orzamento solicitado:	
Nome do proxecto/actividade:		
Orzamento total:	Orzamento solicitado:	

**EXPÓN:** Que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra foron publicadas as Bases e a convocatoria da concesión por parte do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo de subvencións a asociación e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2024.

**SOLICITA:** Participar no proceso para a concesión da subvención referida.

<b>Documentación que se achega coa solicitude</b>	
<b>Documentación obrigatoria:</b>	
<input type="checkbox"/>	Anexo I. Declaración Responsable da imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiario da subvención por parte do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo; de cumprir cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
<input type="checkbox"/>	Declaración xurada especificando as axudas ou financiamentos públicos ou privados solicitados ou obtidos para a mesma actividade
<input type="checkbox"/>	Declaración xurada de ausencia de débedas co Concello de Sanxenxo
<input type="checkbox"/>	Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria
<input type="checkbox"/>	Certificado de estar ao corrente coa Facenda Autonómica
<input type="checkbox"/>	Certificado de estar ao corrente coas obrigas da Seguridade Social
<input type="checkbox"/>	Certificado da conta bancaria da entidade solicitante
<b>Documentación específica:</b>	
<input type="checkbox"/>	Anexo II: proxecto (no caso de pedir para mais de un programa ou actividade deberán achegar un por cada unha delas)
<input type="checkbox"/>	Outros


<b>Declaro responsablemente:</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Que acepto as bases da convocatoria de Subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2024</li> <li>- Que non estou incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte da Administración pública, recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</li> </ul>	
Sanxenxo, de de 2024	Sinatura da persoa interesada ou representante:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:8UFRMBHTG9NHFJ9



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

	<p><b>SUBVENCÍONS A ASOCIACÍONS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAIAS NO ANO 2024.</b></p> <p><b>ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE</b> (no caso de pedir para mais de un proxecto deberan presentar un anexo por cada un deles)</p>
---	--

D./Dña.....con número de DNI:....., en calidade de Presidente/a da Asociación....., como organizador da actividade /proxecto:\_\_\_\_\_

**DECLARO**

- 1.- Que a Asociación.....non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 2.- Que a Asociación\_\_\_\_\_ non posúe débedas co Concello de Sanxenxo nin con ningún ente dependente de este.
- 3.- Que esta asociación \_\_\_(si/non) recibe axuda ou subvención de este ente convocante ni de ningún outro dependente do Concello de Sanxenxo para a mesma finalidade no ano 2024 do Concello de Sanxenxo.
- 4.- Que \_\_\_\_\_(si/non) lle foi concedida ou solicitada subvención ou axuda doutra Administración ou Entidade Pública ou Privada para o obxecto da subvención.

Entidade	Cantidade solicitada (€)	Cantidade concedida (€)

E para que así conste, asino a presente declaración xurada


En Sanxenxo, a \_\_\_\_\_ de 2024

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:8UFRMBHTG9NHFJ9



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

 <p><b>SAN XEN XO</b> O A TERRA DE SANXENXO</p>	<p><b>SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2024.</b></p>
<p><b>ANEXO II: PROXECTO DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA</b> (no caso de pedir para mais de un proxecto deberan presentar un anexo por cada un deles)</p>	

<b>PROXECTO CULTURAL</b>		
Nome:		
EDICIÓN OU ANTIGÜIDADE DO ACTIVIDADE		
LUGAR E DATAS DE REALIZACIÓN		
Nº DE ACTIVIDADES		
REPERCUSIÓN DA ACTIVIDADE (Local, provincial, autonómica ou estatal)		
DURACIÓN DAS ACTIVIDADES		
Número de actividades encamiñadas a integración social e/ou que favorezan as relacións interxeracionais		
Difusión e realización das actividades en lingua galega	SI	NON
Gratuítas para os asistentes	SI	NON
Colaboración con outras asociacións do Concello En caso afirmativo especificar:	SI	NON
ORZAMENTO DA ACTIVIDADE (IVE incluído)		€
CANTIDADE SOLICITADA		€
PREVISIÓN DE INGRESOS		€
Breve descrición da actividade (programa completo)		
<p>Obxectivos</p>		



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

Destinatarios
Actividades

En Sanxenxo, a \_\_\_\_\_ de 2024


O/A representante legal da asociación

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:8UFRMBHTG9NHFJ9



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

	<b>SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURASIS NO ANO 2024.</b>
<b>ANEXO III: MEMORIA XUSTIFICATIVA</b> (no caso de pedir para mais de un proxecto deberan presentar un anexo por cada un deles)	
<b>NOME DO PROXECTO</b>	
<b>CONTEXTUALIZACION</b> (breve explicación do proxecto)	
<b>OBXECTIVOS</b>	
<b>DESCRIPCION DAS ACTIVIDADES</b> (breve descripción de como se desenvolveron as actividades programadas, indicar o número de asistentes en cada unha delas, a data de realización, etc)	
<b>MATERIAL DE DIFUSION E PUBLICIDADE</b> (carteis, programas, anuncios en prensa, radio, redes sociais, etc)	

(este documento debe ir asinado polo/a representante legal da asociación)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:8UFRMBHTG9NHFJ9





Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

3.- Que a esta entidade/asociación \_\_\_\_\_ (si/non) solicitou ou recibiu outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade,

Organismo ou entidade publica/privada	Importe
	€
	€
	€

4.- Que o importe das axudas económicas concedidas das diversas institucións para a actividade subvencionada non supera o importe total dos gastos devengados.


E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data sinalados.  
Sanxenxo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.: O/A tesoureiro/a



Mércores, 19 de xuño de 2024

Núm. 119

	<b>SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2024.</b>
<b>ANEXO V: DECLARACION</b> <small>(no caso de pedir para mais de un proxecto deberan presentar un anexo por cada un deles)</small>	

D./Dña \_\_\_\_\_ con número de DNI \_\_\_\_\_, en calidade de Presidente/a da Asociación \_\_\_\_\_, como organizador da actividade /proxecto: \_\_\_\_\_

DECLARO baixo a miña responsabilidade,

- 1.- Que a actividade cumpre todas as condicións para optar as subvencións para actividades culturais e non ten contraída ningunha débeda coas administracións públicas.
- 2.- Que se fixo a debida divulgación da financiamento do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, segundo o reflexado no punto 7.2 da bases desta convocatoria.
- 2.- Que a asociación non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención

E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data sinalados.  
Sanxenxo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.: O/A representante

